

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos - FERROL

A nosa Biblioteca

Un lugar onde todo é posible...
Onde a maxia te envolve.

ENCONTROS PLAMBE 2021-22

PLAMBE Bibliotecas escolares de Galicia

Rosa Grille Riazuelo
rosa.grille@edu.xunta.gal

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

SOMOS...

... un centro pequeno que acolle alumnado dun entorno rural, no que a meirande parte das familias ten un escaso acceso aos recursos, se ben é certo que o perfil de familias que se achega ao noso centro foi mudando nos últimos anos.

O noso enfoque pedagóxico xira en torno á inclusión a través da aprendizaxe baseada na actividade, que fai que desde idades temperás se traballe desde un enfoque colaborativo.

Comezamos a nosa andaina en PLAMBE no ano 2006, (PLAMBE2) e no proxecto Bibliotecas Creativas no curso 19/20.
Neste curso formamos parte ademais do proxecto "Lectura e familias" que conseguiu, ao fin, abrir a Biblioteca á participación da comunidade.



A Biblioteca Escolar: un elemento imprescindible.

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

- A LOE/LOMCE nos di (art.113) que a Biblioteca Escolar contribuirá a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poida formarse no uso crítico deles
- Deberá ter, ademais, unha organización que permita o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa.
- O Decreto de currículo de Primaria, establece que todos os centros de ensino non universitario deberán elaborar o seu Proxecto Lector, co fin de articular as actuacións de todo o profesorado destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, tratamento e producción da información, en apoio da adquisición das competencias chave.



Día das Bibliotecas Escolares, actividade tras a lectura do conto "As bruxas de Arlete".



Empréstito de libros co grupo de peques, na sesión reservada dentro do horario lectivo.

A Biblioteca Escolar: centro creativo das aprendizaxes

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

- A BE debe organizar e dinamizar os recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe.
- Pero ten que ser un verdadeiro "centro creativo das aprendizaxes", cun carácter dinámico e en constante actualización, entendida como un elemento estratéxico para a innovación pedagóxica que axude a revitalizar as prácticas educativas e a vida cultural dos centros.
- Debe proporcionar tanto ao profesorado como ao alumnado oportunidades para o emprego de múltiples recursos que permitan unha progresiva autonomía nas aprendizaxes.
- Debe servir para integrar as tecnoloxías da comunicación que a sociedade vai desenvolvendo ofrecendo a posibilidade de acceso igualitario aos bens culturais. (ALFIN/AMI)

Obradoiros STEAM no Mes da Ciencia en galego.







A Biblioteca Escolar: un espazo privilexiado.

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

- Para o achegamento á lectura de textos, tanto literarios como informativos.
- Para desenvolver programas de integración das tecnoloxías da información e a comunicación nas actividades de aprendizaxe.
- Para o desenvolvemento da materia de Libre Configuración "Investigación e Tratamento da Información" (ALFIN/AMI)
- Para desenvolver metodoloxías activas e colaborativas para garantir o desenvolvemento das competencias clave.



Actividade de lectura de etiquetas no "Mercado de Chispa" polos 100 días de cole.

Retos LEGO, unha das propostas STEAM para os recreos.



Todo isto implica a transformación na organización dos espazos e demanda enfoques diferentes para as prácticas educativas.

→ Tarefas de aprendizaxe integradas (TAI)
Metodoloxía por proxectos

A nosa Biblioteca:
unha chea de oportunidades

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos











A nosa Biblioteca: unha chea de oportunidades

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos



Actividade de formación de usuarios, polos 100 días de cole.



Circuit Paper, no Mes da Ciencia en galego.



Actividade de alfabetización informacional no Día das Bibliotecas Escolares.



Obradoiro de impresión 3D..



Piano musical con placa makey-makey, no Mes da Ciencia en galego.

OS INICIOS...

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos







Máis fotos do proceso







Somos PLAMBE2 06/07

Ata chegar á actualidade (ou case)

BIBLIOTECA XOÁN FARIAS

A BIBLIOTECA DO CEIP DE PAZOS

ABRIL 2019

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

A ACTIVIDADE DA BIBLIOTECA XIRA EN TORNO A:

Formación de usuarios

Actividades de formación de usuarios:

1. Normas de uso da Biblioteca Escolar.
2. Procura nos fondos catalogados: traballamos a CDU en todos os niveis.

Empréstito de libros e sesión ALFIN/AMI dentro do horario lectivo reservada para todos.

Recreos e Hora de ler

Hora de Ler e acompañamentos lectores.

Actividades de dinamización no tempo de recreo:

Equipo de Biblioteca, Contacontos, obradoiros sobre as lecturas, recanto argalleiro, retos STEAM, etc.

Desde o 2020, rotatorio de postos na biblio.

Actividades de dinamización

Apertura da Biblioteca,
Contos de Medo,
Mes da Ciencia en Galego,
Libro Colectivo da Paz,
Día da Candeloria,
100 días de cole,
Día de Rosalía,
Día da Poesía e o Teatro,
Letras Galegas, etc.

E agora tamén Lectura e familias.

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

AS MASCOTAS:

Historia dunha meiga

Guía da Biblioteca: Roi, o caracol













Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Así naceu Chispa

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos









Xerezade Ansedes

CORRESPONDENCIA DE CHISPA:

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Meus queridiños e queridiñas maiores do Cole de Pazos:

Parece que esa novela gráfica de Maeva, **Sonríe!** gustou moito por aquí e que xa ten lista de agarda e todo!

Así que o outro día dando unha volta polo País dos Libros atopeime con outras tres da mesma editorial, que aquí volas deixo.

Agardo que vos gusten tanto coma a primeira. Xa me contaredes o que vos pareceron.

Unha aperta cariñosa da vosa amiga,

Chis, chis, plof, plof!
Chis, chis, plof, plof!

Chispa



Queridas Rebuldeiras e Rebuldeiros do Cole de Pazos:

Non podedes imaxinar o traballo que me costou atopar este libro de Brunilda!!!

E que agora esta colección xa non se chama "La Bruja Brunilda", senon **"Brunilda e Bruno"**, e claro... non os atopaba por ningures.

Agora que xa o sei, prometo traervos algún outro. En compensación pola demora déixovos este outro conto: **"Como mola tu escoba"**, que a min tamén gústame moito.

Apertas cariñosas da vosa amiga, e pasádeo moi ben nesta fin de semana chea de maxia e embruxos.

Chispa

Chis, chis, plof, plof!
Chis, chis, plof, plof!



Chis, chis, plof, plof
Chis, chis, plof, plof

País dos Libros, 1 de outubro de 2021.



Ola, meus queridiños e queridiñas **peques** do Cole de Pazos:

Xa ule a **outono** de novo e toca voltar a encher as aulas de cariñas riseiras. Botaba moito de menos escoitar ese delicioso rebumbio polos corredores.

Pero, agardade un momento... Hai por aquí alguén que aínda non me coñece? *Ismael, Melani, Irene, Julietta, Iago D, Enzo, Alma, Martina, Isabel e Uxía...* Pois eu son *Chispa*, unha meiga moi simpática e regordeta que vive no País dos Libros e que de cando en vez, e sen avisar..., aparezo polo cole de Pazos para deixar unha maleta cheíña de libros como esta e algunha que outra sorpresa.

Chis, chis, plof, plof

Se queredes saber un pouco máis, podedes escanear este código QR e de seguro que a vosa profe leravos a miña historia tal e como sucedeu... aló polo 2005!!!

Buffff!!! Xa fai 15 anos!!!



E este caracol chámase **Roi**, meu amigo, e sabe unha chea de cousas de como coidar os libros. **Lede a súa guía tamén!**

Feitas as presentacións, imos ao verdadeiramente importante: A MALETA. Como veredes, vin cargadiña de libros, pero todos, todos, todos, falan do mesmo: **OS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE.**

Pero iso que é? Preguntarédevos... Pois estade atentos a este vídeo:

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Comeza a nosa aventura! A partir de agora, cada vez que escoitedes o meu Chis, chis, plof, plof ademais de libros, encontraredes unha nova misión para que, entre todas e todos, logremos cumprir estes obxectivos por un mundo mellor. Comezamos xa coa **MISIÓN 1**.

E para rematar... Lémbrovos que tedes todo o mes de outubro para elaborar os vosos ~~arrepiantes~~ **contos de medo** para celebrar o Samaín.

Bicos a moreas da vosa amiga,

Chispa

Chis, chis, plof, plof

Presente en todos os espazos do Centro



Cartelería, portadas de traballos colectivos, textos instrutivos, etc.



Recíbenos todos os días ao entrar ao cole.



PODE SER QUE ALGUNHAS NENAS SEXAN MÁIS INTELIXENTES CA TI; QUE ALGÚNS NENOS TEÑAN ROUPA MÁIS MOLONA CÁ TÚA. PODE SER QUE ALGUNHAS NENAS DESTAQUEN MÁIS NOS DEPORTES CA TI, OU QUE ALGÚN NENO SEXA MÁIS POPULAR. NON IMPORTA! NON PASA NADA! TI TAMÉN TES ALGO QUE TE FAI ESPECIAL. CRE EN TI, SE XENEROSO, ALÉGRATE POLOS ÉXITOS DOS DEMAIS, FAI AS COUSAS BEN POR TI MESMO. VIVE, SOÑA APRENDE, ENSINA. COMPARTE. IMAXINA CREA, DIVÍRTETE EMPATIZA E EMOCIÓNATE COS QUE TE RODEAN ESFÓRZATE NO QUE FAGAS, LOITA POLOS TEUS SOÑOS, E SERÁS A MELLOR VERSIÓN DE TI MESMO

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

UN PASO MÁIS CARA A INCLUSIÓN:

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos









Nova sinalética inclusiva (2020)





Proposta da Asesoría BIBES

ONDE BUSCAR O LIBRO QUE ANDAS A PROCURAR?





CDU SIMPLIFICADA PARA A BIBLIOTECA XOÁN FARIAS

OS RECREOS:

A Biblioteca está sempre aberta durante o tempo do recreo con presenza de, polo menos, dúas mestras e algún membro do Equipo de Biblioteca (alumando de 5º-6º de EP) que se encargan de dinamizar estes momentos propoñendo actividades de ocio alternativo ou de formación de usuarios, ou simplemente acompañándoos.

para saber máis





RECREOS NA BIBLIOTECA XOÁN FARIAS







RECREOS NA BIBLIOTECA XOÁN FARIAS



Biblioteca Creativa

desde o curso 2019-2020

O noso recanto argalleiro

MATERIAIS DOS ESPAZOS DO RECANTO ARGALLEIRO



















Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos







CONTACONTOS NO RECREO:

- A participación é voluntaria.
- A asistencia como espectadores, tamén.
- Asesoramento na escolla.
- Pautas para facelo máis atractivo.
- Acompañamento na preparación.
- Dáselle apoio visual ao conto.
- Elabórase un recordatorio do contacontos, que se reparte ao final.
- O contador elabora o seu propio cartel anunciador e pasa polas clases a recordar o evento.

+ exemplos no blog

CONTOS E ALGO MÁIS:

Obradoiro de mesturas de cores, tras o contacontos no recreo: Vermello, azul, amarelo







Obradoiro de electricidade cos peques, dentro dos Retos STEAM, tras a lectura de "O vagalume solitario"

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

O ALUMNADO CON NEAE TAMÉN CONTA:







Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

CONTOS DE MEDO:









Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

LIBRO COLECTIVO DA PAZ:









PODE SER QUE ALGUNHAS NENAS SEXAN MÁIS INTELIXENTES CA TI; QUE ALGÚNS NENOS TEÑAN ROUPA MÁIS MOLONA CÁ TÚA, PODE SER QUE ALGUNHAS NENAS DESTAQUEN MÁIS NOS DEPORTES CA TI, OU QUE ALGÚN NENO SEXA MÁIS POPULAR, NON IMPORTA! NON PASA NADA! TI TAMÉN TES ALGO QUE TE FAI ESPECIAL. CRE EN TI, SE XENEROSO, ALÉGRATE POLOS ÉXITOS DOS DEMAIS, FAI AS COUSAS BEN POR TI MESMO, VIVE, SOÑA APRENDE, ENSIÑA, COMPARTE. IMAXINA CREA, DIVÍRTETE EMPATIZA E EMOCIÓNATE COS QUE TE RODEAN ESFÓRZATE NO QUE FAGAS, LOITA POLOS TEUS SOÑOS, E SERÁS A MELLOR VERSIÓN DE TI MESMO

TI TAMÉN TES ALGO QUE TE FAI ESPECIAL. SE A MELLOR VERSIÓN DE TI MESMO

INFANTIL 3 ANOS	INFANTIL 4 ANOS	INFANTIL 5 ANOS
1º de PRIMARIA	2º de PRIMARIA	3º de PRIMARIA
4º de PRIMARIA	5º de PRIMARIA	6º de PRIMARIA

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

DÍA DO TEATRO:

Recóllense todas as obras de teatro realizadas, creando un libreto cos textos e fotografías das principales escenas.

-Agora si que o pillei,
exclama o *garsón* con sorna.
A mosca nunca tal fixo
que ben se ve que está morta.
O señor Sherlock sorriu
co sorriso de Gioconda:
-Non se cerre, meu querido,
xa non lle dea máis voltas.
É ben certo e evidente,
a simple vista se nota,
que a mosca xace a pobriña,
coas patas arriba todas.
Mais fíxense ben no abdome
inflado coma unha bóla:
dedúcese que morreu
dun grave empacho de sopa.







3º PRIMARIA



Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

DÍA DA POESÍA:







Hai versos para min?



Poemas ao teléfono





Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Poesía por un tubo

Recitado na Biblio Xoán Farias









- Traballo plástico, ademais da lectura.
- Recitado de poemas, seleccionados dos fondos da Biblioteca.

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Chíos de poesía



Ilustración de Pancho Lapeña para o libro Guía definitiva das aves da Galiza







Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

UN LIBRO FEITO ENTRE TODOS NAS LETRAS GALEGAS:

Escóllense oito momentos significativos da biografía do persoeiro a quen se lle adican as Letras Galegas e cada clase fai a súa interpretación plástica. Exponse na parede da entrada do colexio e posteriormente, encadérnase pasando a formar parte da colección das nosas creacións.



Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

EXPOSICIÓN DE TRABALLOS:









500º aniversario da Reforma Protestante



Proxecto sobre "As abellas"



Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Día Internacional do pobo xitano













8 de abril
Día Internacional
do
Pobo Xitano

Podes colorear
a súa bandeira
e aprender o significado
do título do libro
de Abraham Carreiro
baseado nun
conto popular
xitano

LATCHO DROM

que en romaní
significa
boa sorte e boa viaxe.

Biblioteca Xosán Farias

A biblioteca presta apoio aos proxectos que se desenvolven nas aulas, aportando fondos documentais.







O corpo humano



Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

TEMPOS ENTRE COMEDOR E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:





Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Gamificacións

MOTIVACIONAL:

"Asalto ao Castelo"

PARA AFONDAR NA TEMÁTICA DO PROXECTO:

"Coñecendo máis Ferrol"

"esPazODS para a concienciACCIÓN"

FINAL:

A búsqueda do P.S.R.

"Os Deuses do Olimpo"

OU PROPOSTAS LUDIFICADAS:

- Teñen formato de gran xogo (escape room, caza do tesouro, break out...) e son DIVERTIDAS.
- Comezan ou rematan na Biblioteca (se son no Centro) e sempre inclúen unha proba de formación de usuarios.
- Empregámolas en momentos sinalados do curso (inicio, 100 días, conmemoracións...)
- O agrupamento do alumnado é estable e heteroxéneo.
- Importancia do equipo: funcións e roles.
- O itinerario reforza a autonomía dos equipos.
- Crea vínculos entre a rapazada (enfoque colaborativo)
- Sentimento de pertenza (cohesión grupal)
- Entran en xogo múltiples habilidades (intelixencias múltiples)
- O xogo como unha oportunidade de experimentar.
- Finaliza sempre coa avaliación do proceso.

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Primeira xincana co gallo do Día da Paz (2011)

CAZA DO TESOURO







PROBAS

En cada unha das cinco probas obtíñase unha peza dun quebracabezas que formaba a portada dun libro que logo terían que localizar nos andeis.




Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Sete contos para a convivencia: formación de usuarios (2013)

Repartidos en sete grupos, rotan polas aulas onde un profesor conta un breve conto (valores) e fan en grupo unha actividade relacionada.

Colección "TODO O QUE CABE NO MUNDO", Kátia Trindade e outros títulos como: "A XOANIÑA ROSMONA", de Eric Carle; "POR CUATRO ESQUINITAS DE NADA", de Jérôme Ruillier; "EMMA ENFADOSAURIA", de Brian Moses, "LA COLA DEL DRAGÓN", de Mireia Canals Bootines; ¡HOLA! ¡GRACIAS! ¡ADIÓS!, de Elisenda Roca; etc.









Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Ler ciencia na Biblioteca (2014)

- O alumnado repártese en grupos, mesturando a grandes e pequenos, e outorgándolle a cada un un rol dentro do grupo.
- AS PROBAS: son, fluídos, magnetismo, electricidade, medidas e pesos, vasos comunicantes...; todas son probas baseadas en experimentos científicos.
- Cada proba, unha peza dun puzzle da portada dun libro.
- Xuntan pezas e, cos datos da portada, solicitan etiqueta.
- Coa etiqueta localizan o libro. Dentro hai unha chave que abre o cofre onde están os agasallos.



Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos













Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos





ALGUNHAS PROBAS...







Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Coñecendo Ferrol (2016)

Material elaborado para traballar nas aulas de 3º a 6º, con información sobre seis lugares emblemáticos de Ferrol.





Reparto de material para acompañar a visita: mapa e funda para gardar premios.







En cada punto visitado deben contestar a unha pregunta sobre o lugar no que se atopan. Así van conseguindo uns adhesivos para completar o álbum de "Coñecendo Ferrol".

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Escape Room do Universo (2018)



(Só Primaria)









Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos













Desta volta "o premio" consistía nun marcapáxinas coas instrucións dun concurso de microrrelato, para que escribisen durante as vacacións de Semana Santa.

ATENCIÓN!
CONCURSO DE MICRORRELATO

BASES:

*ESCRIBE UN CONTO INÉDITO. Non vale copiar.

*FAI A LETRA CLARA.

*APLICA A ORTOGRAFÍA QUE COÑECES.

EXTENSIÓN:

*1º e 2º: 60 palabras como máximo.

*3º e 4º: 80 palabras como máximo.

*5º e 6º: 140 palabras como máximo.

IDIOMA:

*Galego
*Castelán

DATA DE ENTREGA:

* 8 de abril de 2018.

PREMIOS:

*Outorgarase un premio por nivel.

A QUE ESPERAS?
ANÍMATE E PARTICIPA!

Biblioteca Xoán Farias

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Caza do Tesouro en feminino (2018)



Creando expectación...





CAZA DO TESOURO:
PIONEIRAS, MATRIARCAS, VALEROSAS
MULLERES

Día Internacional da Muller Traballadora
Biblioteca Xoán Farias. CEIP de Pazos
8 de marzo de 2018



Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos



A casa de Mnemósime



Rompendo a cabeza con Rosalía



Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos



Retrato en feminino











Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos





Matriarcas en acción



Montaxe do puzzle, localización do libro nos andeis e apertura do tesouro





Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Fin da actividade: unha sesión máxica







Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Os Deuses do Olimpo (2019)





Dentro do Proxecto Erasmus+ no que participaron dúas mestras do Centro, desenvolvéronse unhas xornadas en torno á cultura grega para dar a coñecer a toda a comunidade educativa as iniciativas levadas a cabo no eido da robótica e a linguaxe de programación.

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

















Fotos

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos















Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

A avaliación forma parte do proceso.
Avaliamos tanto o xogo como o noso compartamento dentro do equipo.





Mentimeter

Coas familias repetimos unha versión reducida do xogo.













Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Asalto ao Castelo de San Felipe (2019)











O xogo





Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

BIBLIOTECA XOÁN FARIAS - A BIBLIOTECA DO CEIP DE PAZOS

Asalto ao castelo



SETEMBRO 2019 - SAN FELIPE

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

100 días: Coñecendo máis Ferrol (2020)









O xogo



Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

COÑECENDO MÁIS FERROL



BIBLIOTECA XOÁN FARIAS
A BIBLIOTECA DO CEIP DE PAZOS

GAMIFICACIÓN 100 DÍAS DE COLE

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

100 días: Na procura dunha estrela (2021)











Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Seguindo as pegadas das mulleres galegas (2021)











Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

100 días: esPazODS para a concienciACCIÓN (2022)











Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

100 DÍAS

BIBLIOTECA XOÁN FARIAS



Bibliotecas escolares de Galicia

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

1 FIN DA POBREZA

2 FAME CERO

3 SAÚDE E BENESTAR

4 EDUCACIÓN DE CALIDADE

5 IGUALDADE DE XÉNERO

6 AUGA LIMPA E SANEAMENTO

7 ENERXÍA ASEQUIBLE E NON CONTAMINANTE

8 TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO

9 INDUSTRIA INNOVACIÓN E INFRAESTRUCTURA

10 REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES

11 CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES

12 PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES

13 ACCIÓN POLO CLIMA

14 VIDA SUBMARINA

15 VIDA DOS ECOSISTEMAS TERRESTRES

16 PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS

17 ALIANZAS PARA LOGRAR OS OBXECTIVOS

#esPazODSparaaconcienciACCIÓN

PROPOSTA LUDIFICADA PARA TRABALLAR A AXENDA 2030

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

DIGICRAFT NO TEU COLE:



2 ITINERARIOS:

- Realidade aumentada e vídeoxogos;
- Realidade virtual e intelixencia artificial.



No curso 2019/2020 estaba orientado unicamente para o alumnado de 9 a 12 anos, e a partir do 2020/2021 incorpora tamén ao resto do alumnado de Primaria, tendo dous niveis diferenciados con actividades adaptadas a eles (de 6 a 9 e de 9 a 12)

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos













Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

MATESPAZOS:











Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

CHISPAZOS NUTRICIONAIS:

Adaptados en 3 niveis:
infantil, 1º a 3º e 4º a 6º.
O funcionamento é similar aos retos matemáticos.







Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

VÍDEO-RECEITAS:



Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

VÍDEO-RECOMENDACIÓNS LECTORAS:



Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

O MERCADO DE CHISPA:



Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos



Ademais de traballar a área de matemáticas (moedas, cálculo, estimacións...) neste espazo realízanse outras actividades como obradoiros de cociña, actividades de escolla responsable e bos hábitos alimentarios, lectura de etiquetaxe, etc.





Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

RETOS STEAM:



Retos LEGO

Retos con diferentes grados de complexidade, adaptados a todos os niveis.



Electricidade

Unha proposta para Infantil e outra para Primaria. Plastilina condutora e circuit paper.



Escornabots

Montaxe dos escornabots polo alumnado. Taboleiros de xogo e propostas creativas.



Chapas

Traballamos co texto instrutivo para aprender a manexar máquinas.

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

RETOS LEGO



PROPOSTA PARA INFANTIL
LEGO duplo
relacionada coa
orientación, simetrías...



PROPOSTA PARA OS NIVEIS
INICIAIS DE PRIMARIA
relacionada coa
cumplimentación de patróns.





PROPOSTA CREATIVA
a través de desafíos,
individuais ou colaborativos.

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

CIRCUIT PAPER E PLASTILINA CONDUCTORA





En Infantil, a proposta faise a través dun conto.

En Primaria, a proposta parte dunha charla.







ESCORNABOTS



MONTAXE CO ALUMNADO
DE 5º e 6º PRIMARIA







NA BIBLIO
a través do emprego
de taboleiros de xogo
e outras propostas
máis abertas.



Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

O TEXTO INSTRUTIVO: OBRADOIRO DE CHAPAS

Obradoiro de chapas na Biblioteca Xoán Farias

PASO 1



Escolle un papel que te guste e emprega a cortadora para facer un círculo perfecto á medida das chapas.

Escolle tamén un personaxe dos Ilustres Ferroláns e recorta a súa silueta aman.

PASO 2



Coloca no cilindro número 1 da máquina das chapas:

1º) a parte dianteira da chapa

2º) o círculo e a silueta que acabas de recortar

3º) e un plástico protector.

PASO 3



Coloca no cilindro número 2 a parte traseira da chapa, coa agulla cara abaixo.

PASO 4



Sitúa o cilindro 1 sobre o cilindro superior e presiona para accionar a panca.

Agora coloca o cilindro 2 sobre o cilindro superior e volve a accionar a panca.

PASO 5



Despraza a plataforma de novo e retira a túa chapa xa rematada e lista para lucila.









Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

MES DA CIENCIA EN GALEGO:



Mistura de cores por capilaridade.

Nesta estación terás que conseguir facer unha mistura de cores sen tocar os vasos que contén a auga coloreada, empregando pontes de papel de cociña. Poderás lograr un arco da vella?
Lembra como facer as misturas de cores:























Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Barcos en movemento por tensión superficial.

Nesta estación terás que facer que estes barquiños de cartón naveguen na auga, empregando tan só unha pinga de xabón. Terás que colocala na fenda traseira do teu barco con moita precisión.
Emprega un escarvadentes para facelo. E recorda que só funciona a primeira vez. Unha vez rota a tensión superficial da auga, o barco non se desprazará.
Ánimo grumetes!





Batería de limóns.

Nesta estación terás que realizar unha montaxe dun circuíto eléctrico empregando limóns como fonte de enerxía.
Un limón, cunha moeda e un parafuso forma unha **cela**.
Cada cela produce un pouco de electricidade (0.8V) pero non o suficiente para iluminar un led.
Para producir a voltaxe necesaria, precisas unir varias celas.
Varias celas unidas, forman unha batería.





Circuítos eléctricos con plastilina conductora.

Nesta estación terás que realizar unha montaxe dun circuíto eléctrico empregando plastilina conductora, tendo en conta a polaridade da fonte de enerxía (pila) e os leds (+ pata longa)









Propiedades da luz: Disco de Newton.

Isaac Newton ideou unha teoría sobre a composición da luz branca. Segundo el, a luz branca estaba composta por outras cores. Sabes cáles?
Para demostralo deseñou un disco coa combinación de **cores do arco da vella**, fíxoo xirar a moitísima velocidade e conseguiu que as cores desapareceran e o disco tornárase en branco.

Nesta estación terás que construir unha fungadeira co disco de Newton para comprobalo.





Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

EU ♥ CIENCIA EN GALEGO



Biblioteca Xoán Farias - CEIP de Pazos - 2021

Arcoiris de densidade: solubilidade e densidade.

Nesta estación deberás preparar as seguintes disolucións para conseguir crear un arco da vella de densidades.

- **VASO 1:** alcol e colorante **vermello**.
- **VASO 2:** aceite e colorante **amarelo**.
- **VASO 3:** auga e colorante **verde**.
- **VASO 4:** xabón e colorante **azul**.



Verte con coidado nos tubos de ensaio un pouco de cada unha das diferentes mesturas con axuda dunha xeringa. Podes facelo por orde descendete: **4 -3-2-1** ou podes varialo e ver que acontece.



Biblioteca Xoán Farias - CEIP de Pazos - 2021

Xiroscopios: Principio de sustentación.

Nesta estación terás que construir o teu propio xiroscopio e observar como os distintos materiais e tamaños inflúen sobre o tempo que as hélices se sosteñen no aire.

Cómo facelas? Segue estes pasos:

1



Corta un rectángulo como no debuxo, sen chegar ata o final.

2



Suxeita os extremos, un con cada man.

3



Une ambos extremos e fíxaos coa axuda dun clip e a voar!



Biblioteca Xoán Farias - CEIP de Pazos - 2021

Globo chiador: A forza centrípeta.

Nesta estación e grazas á **forza centrípeta** farás berrar a un globo. Mentres o movemento circular dure, a torca xirará no interior do globo, o que producirá vibracións na parede deste e crearanse unhas interesantes ondas sonoras. Prepárate para experimentar!

1



Introduce unha torca dentro do globo sen rompelo.

2



Infla o globo e átao.

3



Faino xirar e escoita!!!

Biblioteca Xoán Farias - CEIP de Pazos - 2021

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

Circuítos de papel: polaridade e condutividade.

Nesta estación teredes que crear o voso circuíto de papel empregando cinta condutora, e seguindo as instruccións das plantillas.

Podedes escoller entre a nosa Chispa ou este simpático robot









IDEA TOMADA DA WEB DE SPARKFUN

Biblioteca Xoán Farias - CEIP de Pazos - 2021

Plátanos musicais cun pouco de scratch.

Nesta estación imos recrear un piano con plátanos. Soará afinado?
Conecta os cables crocodilo a cada froita e a calquera dos puntos da placa MakeyMakey para experimentar cos sentidos.
No código QR está a programación de scratch.





Biblioteca Xoán Farias - CEIP de Pazos - 2021

Circuítos eléctricos con plastilina condutora.

Nesta estación terás que realizar unha montaxe dun circuíto eléctrico empregando plastilina condutora, tendo en conta a polaridade da fonte de enerxía (pila) e os leds (+ pata longa)





EN SERIE:



EN PARALELO:





Biblioteca Xoán Farias - CEIP de Pazos - 2021



II EDICIÓN: Novembro, mes da Ciencia en galego. Biblio Xoán Farias 2021



PLASTILINA CONDUCTORA:
Lograches prender os LEDS? SI NON





XIROSCOPIOS:
Cómo se chama o principio que fai que voen estes artiluxios?
_____

CIRCUÍTOS DE PAPEL:
Os LEDS teñen polaridade.
Escrebe o signo + e - segundo corresponda.





PLÁTANOS MUSICAIS:
Sabes por que soan os plátanos? Tenta dar unha resposta:
_____



ARCO IRIS:
Por que as cores se manteñen separadas?



_____

GLOBO CHIADOR:
Cómo se chama o principio que fai que xire a torca no interior?
_____

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

OBRADOIROS IMPRESIÓN 3D:









Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

LECTURA E FAMILIAS:









Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos









Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos











Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

A **biblioteca escolar** é un elemento esencial no desenvolvemento de instrumentos para a organización da información e a calidade dos coñecementos. A *comprensión lectora é un medio* para a inclusión e un proceso que, na actualidade, vese *enriquecido polos distintos xeitos de ler e de escribir que facilitan as TIC*: coñecer e saber a través da web, a aprendizaxe cooperativa e en rede e a inclusión dixital e social na que entran en xogo diferentes estratexias relacionadas co manexo de información, os medios e a tecnoloxía.

Felicidad Campal García

BIBLIOTECA XOAN FARIAS
A BIBLIOTECA DO CEIP DE PAZOS

23 DE FEBREIRO DE 2022

Lectura e familias

na Biblioteca Xoán Farias

Un obradoiro ALFIN/AMI "pirata" para as familias

Bibliotecas escolares de Galicia

XUNTA DE GALICIA







MERGE CUBE
Cubo de realidade aumentada que funciona a través de diferentes APP's:

- TH!NGS
- Dig!
- Object Viewer
- Mr. Body
- Defused!
- Party GAmes
- Titball
- Galactic Explorer
- Merge Explorer, etc.

Algunhas destas APP's funcionan mellor se usas gafas de realidade aumentada.

CÓDIGOS AGOCHADOS
Cómo interpretar outros códigos

GOOGLE MAPS
Para traballar coas coordenadas das xeolocalizacións.

GEOCALC
Calculadora de coordenadas para itinerarios.

Lectura e familias

na Biblioteca Xoán Farias

MÉRCORES 23 DE FEBREIRO DE 2022

PIRÁMIDE HOLOGRÁFICA

CoSpacesEDU
É unha APP que permite crear facilmente espazos inmersivos e mergullarnos neles desde calquera pantalla o no modo RV dun dispositivo móbil.
Además permite inciarse na codificación, animando obxectos e dotándolles de interactividade a través de CoBlocks.

Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos









Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

OBRADOIROS LF:



Deseño de Blanca Vila
para a Biblioteca Xoán Farias.









Biblioteca Xoán Farias, a Biblioteca do CEIP de Pazos

POIS ESTA É A NOSA BIBLIOTECA...





A BIBLIOTECA
XOÁN FARIAS
Unha biblioteca onde
todo é posible...
onde a maxia te
envolve...







ENCONTROS PLAMBE 2022: "A Biblioteca Escolar.
Un lugar onde todo é posible... onde a maxia te envolve".

Biblioteca Xoán Farias,
A Biblioteca do CEIP de Pazos
Rosa Grille Riazuelo
rosa.grille@edu.xunta.gal